



XOGO DE AULA

R. 1875/01 P. 2. A.



Correlingua 2001



Busca un tesouro ☺ Atopa a lingua



XOGO DE AULA

A MESA FORA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 15 ANOS 2001



Os materiais que tes nas túas mans teñen como obxectivo fomentar entre os rapaces e rapazas o uso oral do galego dentro das aulas, ben sexa como material complementario nas clases de lingua galega ou técnicas de expresión, ben sexa como xogo para desenvolver nas horas doutras materias.

O xogo está formado por 20 fichas que describen situacións concretas para traballar en grupos, con variantes e vocabulario orientativo. En cada unha delas, procuramos incluír contidos transversais que permitan tirarlle unha maior rendibilidade como material educativo.

¿COMO USAR AS FICHAS?

Os materiais que vos presentamos permiten moita flexibilidade de uso. Limitámonos a indicarvos algunhas opcións, mais seguro que a vosa propia experiencia ha permitir que os adaptedes ás vosas necesidades e que lles deades uso non só agora senón tamén en vindeiros cursos.

Opción A: Xogo competitivo

Esta modalidade do xogo precísaríase seguramente de varias horas de clase, dependendo do número de alumnos e alumnas, e mesmo podería contar, se así o estimades, cunha fase final a nivel de todo o centro.

Divídese a clase en grupos, cun número de integrantes igual ao número de participantes que se indican na ficha coa que vaian traballar; podédes distribuír unha ficha diferente a cada grupo (e así traballarían situacións diferentes) ou facer copias dunha mesma ficha para todos os grupos, facendo uso ou non das variantes (e así traballarían todos a mesma situación e poderíades comparar as solucións que cada grupo lle deu á mesma situación de partida).

Unha vez distribuídas as fichas, os alumnos e alumnas dos distintos grupos terán que repartir os personaxes e preparar un diálogo que plasme a situación que aparece na súa ficha, utilizando o vocabulario que se lles indica. Podedes darlle un tempo para que o preparen (oralmente só ou con guión escrito) e logo comezar cunha rolda de escenificación oral dos distintos diálogos que prepararon os grupos. Logo todos os alumnos e alumnas deberán emitir votacións entre 1 e 10

puntos para valorar os diálogos dos distintos grupos e elixir así o mellor diálogo da clase; é importante avaliar a orixinalidade no tratamento da situación respectando sempre os contidos dados e o uso do vocabulario indicado.

Se realizades o xogo nas distintas aulas, unha vez que rematen todos os grupos pódese facer unha sesión no salón de actos do centro para escenificar as situacións que resultaron gañadoras nas distintas aulas.

Opción B: Xogo non competitivo

As fichas permiten outras posibilidades de uso:

- Nas aulas de lingua galega ou técnicas de expresión, como un complemento para fomentar o uso oral (ou escrito) da lingua. Podedes traballar conxuntamente con toda a clase, distribuindo as distintas situacións e dedicándolle especificamente a esta actividade varias sesións, ou traballar ao longo do curso ou dun trimestre, cun grupo de alumnos e unha situación distinta cada semana. Mesmo podedes, se así o estimades oportuno, avaliar os diálogos que resulten do traballo coas fichas como unha cualificación máis dos vosos alumnos e alumnas.

- Tendo en conta que a maioría das situacións permiten traballar diversos contidos transversais (saúde, deporte, paz, solidariedade, ecoloxía, consumo, discriminacións por razóns de lingua ou de xénero, etc.), estas fichas son tamén uns materiais de traballo idóneos para traballar ou xogar en distintas matenas ou mesmo en horas de garda ou titoría. Ademais, os diálogos resultantes de traballar con distintas situacións, ou coa mesma situación nas súas distintas variantes, pode dar lugar despois a interesantes debates sobre a forma de interpretar e plasmar os contidos.

Agardamos que estes materiais sexan da vosa utilidade e que vos permitan traballar nas aulas, sexa de maneira intensiva ou espaciada no tempo, como xogo ou como complemento didáctico, co obxectivo de fomentar e fortalecer o uso oral do galego por parte da xente nova, nun esforzo por mellorar a súa fluidez no uso da nosa lingua a través de situacións cotiás. Tendo en conta os preocupantes índices de uso do galego como lingua habitual por parte dos nosos rapaces e rapazas, calquera esforzo que fagamos para animalos a ese uso é fundamental no futuro do idioma.

NOTA: Para a edición do Correlingua-2001, convocamos un concurso especial para premiar o mellor diálogo dos que se realicen nos distintos centros. Podedes entregar persoalmente ou enviar os vosos diálogos, antes do 8 de Xuño do 2001, a calquera dos seguintes enderezos:

A Mesa pola Normalización Lingüística

Rúa do Vilar, 68, 3º - Apdo. 247
15705 Santiago de Compostela
amesanl@interbook.net

Concello de Santiago Departamento de Lingua Galega

Praza do Obradoiro, 1
15705 Santiago de Compostela
dlg@aytocompostela.es

SITUACIÓN Nº 1

Número de participantes: 3

Descrición: "A" acompaña a "B" a unha tenda de animais porque "B" quere mercarlle a súa nai un agasallo de aniversario. Xa no establecemento, aténdeos "C" que lles vai dando prezos e información sobre alimentación e coidados de cada un dos animais que teñen na tenda. Ao longo da conversa, "A" tenta convencer a "B" para que mude de opinión porque lle parece antinatural ter os animais presos, privados de liberdade, e acaba establecéndose unha discusión entre "A", que está en contra de ter animais en cativeiro, e "C", que defende o seu negocio e o amor e coidados que lles ofrecen eles aos animais.

Variante:

1.- "A", en vez de tentar disuadir a "B" por razóns de solidariedade cos animais, adopta a típica actitude dun hipocondríaco e centra o seu discurso nas razóns hixiénicas: os animais dentro dunha casa poden transmitir moitas enfermidades, provocan alerxias, etc.

Vocabulario que debedes utilizar: camaleón, can, cativeiro, coello, gaiola, gato, liberdade, peixe, solidario e tartaruga.

SITUACIÓN Nº 2**Número de participantes:** 2 (ou 3)

Descrición: "A" acaba de licenciarse en informática e busca traballo. "B" é o propietario dunha empresa de confección que puxo un anuncio na prensa para contratar un informático. "A" acode a unha entrevista de traballo con "B" e tenta convencelo das súas capacidades e coñecementos do mundo da informática mentres que "B", que non quere oír un discurso sobre as vantaxes das novas tecnoloxías, só tenta saber se "A" sería capaz de tirarlle partido a eses coñecementos na súa empresa e no mundo da confección.

Variantes:

1.- "B" realmente non ten nin idea de informática e puxo o anuncio porque lle insistiron os fillos, pero el non ve claro para que necesita el introducir as novas tecnoloxías na súa empresa. "A" centra o seu discurso en convencelo das vantaxes que lle vai supoñer facer un investimento en informatizar a empresa.

2.- "A" e "B" están acompañados na entrevista por "C", que é presentado como xefe de persoal, pero que realmente é un informático amigo que tenta descubrir realmente se "A" está preparado ou non. Por esta razón vaille facendo unha serie de preguntas moi básicas, simulando non saber nada de informática, para tentar poñer a proba a "A".

Vocabulario que debes utilizar: computadora, deseño, enderezo electrónico, facturación, investimento, patronaxe, publicidade, sitio web, tesoiras e vendas.